

En relación co artigo publicado o día 23 de abril no xornal Faro de Vigo, vémonos na obriga de aclarar o seu contido xa que falta case na totalidade a situación real do Concello de Agolada.

O Concello de Agolada ata o día de hoxe non recibiu ningún informe desfavorable de Facenda polo plan de axuste, o que por outro lado é lóxico xa que **dende o ano 2014 non ten ningún plan de axuste.**

Efectivamente este Concello adheriuse a este mecanismo de pago a provedores, elaborando un plan de axuste aprobado polo Ministerio no ano 2012. Pero durante o ano 2014 as entidades locais poideron concertar novas operacións de endeudamento para cancelar parcial ou totalmente a súa deuda, sempre que se cumprirán unha serie de requisitos, e este Concello conseguiu refinanciala.

Ca refinanciación da deuda ademáis de salir do plan de axuste, conseguiuuse un aforro considerable pasando de pagar un tipo de interés do **5,33% ó 1,5%**, o que se traduce **nun aforro de 186.500 euros para as arcas municipais.**

Por outro lado, o artigo fala dun Plan Económico Financeiro o cal tamén se debe explicar. O incumprir a regra de gasto na liquidación do orzamento do exercicio 2016, o Concello tivo que aprobar un Plan Económico – Financeiro 2017-2018. Na liquidación do exercicio 2018 se cumpre todo, regra de gasto, estabilidade orzamentaria, periodo medio de pago, nivel de deuda, aforro neto,... polo que o Plan Económico queda sen vixencia a partir do 31/12/2018.

Temos que destacar que nos últimos anos este Concello **SEMPRE:**

- CUMPRIU O PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES.
- CUMPRIU A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA... ¡NUNCA SE GASTOU MAIS DO QUE SE INGRESOU!.
- APROBOU OS ORZAMENTOS ANUALMENTE.
- RENDIU AS LIQUIDACIÓNS DOS ORZAMENTOS E AS CONTAS XERAIS EN PRAZO.
- ESTA O DÍA EN TODA A INFORMACIÓN QUE SE REMITE O MINISTERIO.